

CONCURSO SOLIDARIO DE MICRO-RELATOS “SEMANA SEN FRONTEIRAS”

No seo do proxecto “Semana sen Fronteiras”, que se desenvolverá entre o 10 e o 14 de Decembro no Casino1889 de Carballo, convócase este concurso de micro-relatos, coa intención de espertar a sensibilización cara á realidade das persoas refuxiadas, por medio da creación literaria e de acordo coas seguintes bases:

1. Establécense dúas categorías:
 - A. Xuvenil (entre 12 e 17 anos)
 - B. Adulta (a partir dos 18 anos)
2. En ambas as categorías, a extensión dos traballos non excederá, en ningún caso, das 200 palabras e poderán estar escritos en calquera lingua. O tema dos micro-relatos deberá xirar arredor de conceptos como “refuxiadas”, “fronteiras”, “migración”, “asilado”, “exilio”...
3. Os premios serán, en ambas as categorías:
 - 1º premio: 200 €
 - 2º premio: 150 €
 - 3º premio: 100 €

A contía íntegra dos premios destinarase obrigatoriamente a doazóns a algunha das ONGs participantes na “Semana sen Fronteiras”. As persoas premiadas recibirán, non obstante, un agasallo especial.

Na categoría B, o xurado poderá determinar, se considerar que os traballos finalistas non reúnen as condicións para seren premiados, que fiquen desertos. Nese caso, o Casino1889 distribuirá, segundo o seu criterio, as contías correspondentes entre as distintas ONGs.
4. A forma de presentación dos traballos será, na categoría A, a través de Instagram. As persoas participantes teñen que facerse seguidores do Casino1889 nesta rede social, facer unha foto do texto ou unha captura de pantalla en que este apareza e subila ao seu perfil, etiquetando o Casino1889. Na categoría B, as persoas participantes enviarán por email a casino1889@gmail.com os seus textos.
5. O prazo de presentación de traballos comezará no momento da presentación oficial do concurso e acabará o día 10 de decembro ás 23:59h. Os premios anunciaranse e entregaranse o día 14 de decembro no acto de clausura da “Semana sen Fronteiras”, que se celebrará no Casino1889 de Carballo.
6. Ao día seguinte de cerrar o prazo de presentación dos traballos, na categoría A, o Casino1889 subirá ao seu perfil cada texto individualmente para que o público escolla os mellores. Os tres textos máis votados conseguirán os premios. Na categoría B, un xurado escollerá 6 finalistas, que se farán públicos no Facebook do Casino1889 para que a xente vote o premio do público. Posteriormente, o xurado reunirse de novo para establecer a concesión dos premios da categoría.
7. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases.